

Proposta de evento ecoturístico



Proposta de evento ecoturístico para a Deputación de Pontevedra dentro do proxecto Visit Río Minho

Introdución

A seguinte proposta de actividades, promovida pola Deputación de Pontevedra, ten como finalidade **a posta en valor** e o **coñecemento do territorio** que abrangue o proxecto Visit Río Minho mediante a realización de actividades que combinen deporte, natureza, cultura, gastronomía, astronomía e moitos máis valores presentes no territorio.

As actividades, que xirarán ao redor do río Miño, realizaranse de forma cronolóxica avanzando polo territorio segundo o curso do río, dende a parte alta ata a súa desembocadura. A proposta inclúe **actividades variadas** e que se poidan dirixir a un público amplo e diverso.

Esta proposta intenta incluír non só **os recursos da zona**, senón tamén a **empresas locais** que traballan e realizan actividades nela.



Proposta de evento ecoturístico para a Deputación de Pontevedra dentro do proxecto Visit Río Minho



Actividade de ornitoloxía en A Guarda.

Índice de actividades

1. Ruta Pescadores e río Deva + Petróglifos de A Coutada + Visita bodega. **12/09/2020.**
2. Rafting en río Miño + Visita a Melgaço. **13/09/2020.**
3. Ruta circular de Salvaterra + Pozas augas termais. **19/09/2020.**
4. Ruta Cova da Moura + Palácio Brejoeira + Monçao. **20/09/2020.**
5. Ecopista do Miño en bici + Visita a Tui e Valença. **26/09/2020.**
6. Kaiak e sendeirismo polo río Miño. **27/09/2020.**
7. Fin de semana en A Guarda e Caminha. **3-4/10/2020.**

Proposta de evento ecoturístico para a Deputación de Pontevedra dentro do proxecto Visit Río Minho

1. Ruta Pescadores e río Deva + Petróglifos A Coutada + Visita bodega



Nesta actividade faremos pola mañá unha **ruta lineal nas marxes do Miño e o Deva**, de aproximadamente 8 km e dificultade media, onde coñeceremos os segredos naturais do río, así como as pesquerías utilizadas para a pesca da lamprea. A mediodía deixarase tempo libre para que os participantes poidan xantar nun restaurante da zona, ou a comida que traian eles.

Pola tarde realizaremos unha **visita guiada a unha bodega** en As Neves, e coñeceremos **os Petróglifos de A Coutada**.

Programación - 12/09/2020

10:00 - Punto de encontro na Área Recreativa do Miño.

10:00 a 14:00 - Ruta Pescadores e río Deva.

14:00 a 17:00 - Xantar por libre en Arbo.

17:00 a 19:30 - Visita a bodega de As Neves, e Petróglifos de A Coutada. Ás **19:30**, fin da actividade.

Datos da actividade

- **Lugares:** Arbo e As Neves.
- **Duración:** 1 xornada.
- **Tipo de actividade:** sendeirismo, visita petróglifos, visita bodega.
- **Participantes:** apto para todos os públicos.

Máximo: 45 persoas.

Inclúe

- Ruta de sendeirismo guiada e interpretada.
- Petisco a media mañá.
- Visita aos Petróglifos de A Coutada.
- Visita a bodega con degustación.
- Seguros de RC e accidentes.

Proposta de evento ecoturístico para a Deputación de Pontevedra dentro do proxecto Visit Río Minho

2. Rafting no río Miño + Visita a Melgaço



Nesta actividade disfrutaremos dun **descenso en rafting** polo río Miño na zona de Arbo, dirixido pola empresa local Arrepións e cunha duración de 4 horas.

Ao rematar gozaremos dun pequeno petisco, e despois nos dirixiremos á poboación de **Melgaço** para realizar unha visita guiada polo seu **Torreón**, o **paseo urbán do río Porto**, a casa-museo **Solar do Alvarinho** e o **Museo Arqueolóxico** da localidade.

Programación - 13/09/2020

10:30 - Punto de encontro nas instalacións de Arrepións en Barcela (Arbo).

10:30 a 14:30 - Actividade de rafting.

14:30 a 15:30 - Comida (tipo picnic, proporcionada pola organización).

16:00 a 19:30 - Visita guiada por Melgaço, e visita ao Solar do Alvarinho e Museo Arqueolóxico.

19:30 - Fin da actividade.

Datos da actividade

- **Lugares:** Arbo e Melgaço.
- **Duración:** 1 xornada.
- **Tipo de actividade:** rafting, visita cultural, visita a museos.
- **Participantes:** apto para todos os públicos.

Máximo: 54 persoas.

Inclúe

- Actividade de rafting (inclúe todos os permisos, guías especializados e traslados).
- Comida tipo picnic.
- Visita guiada a Melgaço.
- Visita ao Solar do Alvarinho.
- Visita ao Museo Arqueolóxico de Melgaço.
- Seguros de RC e accidentes.

Proposta de evento ecoturístico para a Deputación de Pontevedra dentro do proxecto Visit Río Minho

3. Ruta circular de Salvaterra + Pozas de augas termais



Nesta actividade realizaremos unha **ruta circular** de 17 km e dificultade media que discorre pola contorna de Salvaterra do Miño, percorrendo un tramo do río Miño, o rego de Lobeira e o río Tera.

Tamén realizaremos unha pequena **visita guiada** ó **conxunto histórico** de Salvaterra do Miño e, para rematar, darémonos un baño na **nova área termal** xunto ao río Miño.

Programación - 19/09/2020

10:00 - Punto de encontro en Salvaterra do Miño (lugar por determinar).

10:00 a 16:00 - Ruta de sendeirismo con parada para comer (a organización dará un pequeno avituallamento na ruta; a comida deberán traela os participantes).

16:30 a 17:30 - Visita guiada a Salvaterra.

18:00 a 19:00 - Baño termal.

19:30 - Fin da actividade.

Datos da actividade

- **Lugar:** Salvaterra do Miño.
- **Duración:** 1 xornada.
- **Tipo de actividade:** sendeirismo, visita cultural.
- **Participantes:** apto para todos os públicos.

Máximo: 50 persoas.

Inclúe

- Ruta de sendeirismo guiada e interpretada.
- Avituallamento a media mañá.
- Coche de apoio.
- Visita guiada a Salvaterra do Miño.
- Baño termal xunto ao río Miño.
- Seguros de RC e accidentes.

Proposta de evento ecoturístico para a Deputación de Pontevedra dentro do proxecto Visit Río Minho

4. Ruta Cova da Moura + Palácio da Brejoeira + Monção



Nesta actividade realizaremos unha **ruta circular** de 14 km e dificultade media que discorre polo municipio portugués de Monção.

Ao rematar visitaremos o espectacular **Palácio da Brejoeira**, moi próximo á ruta, e remataremos cunha pequena **visita guiada** á **zona histórica** de Monção.

Programación - 20/09/2020

10:00 - Punto de encontro na cafetería Quinta da Cheira, situada na ruta.

10:00 a 16:00 - Ruta de sendeirismo con parada para comer (a organización dará un pequeno avituallamento na ruta; a comida deberán traela os participantes).

16:30 a 17:30 - Visita Palácio da Brejoeira.

17:30 a 19:30 - Visita guiada a Monção e Museo do Viño. Ás **19:30**, fin da actividade.

Datos da actividade

- **Lugar:** Monção.
- **Duración:** 1 xornada.
- **Tipo de actividade:** sendeirismo, visita cultural.
- **Participantes:** apto para todos os públicos.


Máximo: 50 persoas.

Inclúe

- Ruta de sendeirismo guiada e interpretada.
- Avituallamento a media mañá.
- Coche de apoio.
- Visita guiada a Monção e Museo do Viño.
- Visita ao Palácio da Brejoeira.
- Seguros de RC e accidentes.

Proposta de evento ecoturístico para a Deputación de Pontevedra dentro do proxecto Visit Río Minho

5. Ecopista do Miño en bici + Visita a Tui e Valença do Miño



Nesta xornada realizaremos unha **ruta en bicicleta** pola Ecovía do Miño entre Valença e Vila Nova de Cerveira, de 17 km e lineal. Despois de comer teremos un pequeno percorrido e **visita guiada** polas **vilas históricas** de Tui e Valença.

Nesta actividade o grupo dividirase en dous. Namentres os primeiros realizan a ruta en bici dende Valença ata Vila Nova de Cerveira, os segundos visitan Valença e Tui. Despois, este segundo grupo desprazarase en autobús ata Vila Nova para facer a ruta en bici ata Valença. O mesmo autobús levará ao primeiro grupo a Tui e Valença para a visita guiada.

Programación - 26/09/2020

10:00 - Punto de encontro en Valença do Miño (xunto ao Ponte Internacional).

10:00 a 14:00 - **Grupo 1:** ruta en bici pola Ecovía (Valença-Vila Nova de Cerveira). **Grupo 2:** visita guiada a Valença e Tui. Con pequeno avituallamento en ambos casos.

14:00 a 16:00 - Comida libre. Ás **16:00**, transporte en bus a punto de inicio.

16:30 a 20:30 - **Grupo 1:** visita guiada a Valença e Tui. **Grupo 2:** ruta en bici por Ecovía.

Datos da actividade

- **Lugares:** Tui, Valença do Miño, Vila Nova de Cerveira.
- **Duración:** 1 xornada.
- **Tipo de actividade:** cicloturismo, visita cultural.
- **Participantes:** apto para todos os públicos.

Máximo: 50 persoas.

Inclúe

- Ruta en bici guiada e interpretada (inclúe bicicletas e cascos).
- Avituallamento a media mañá.
- Coche de apoio.
- Visita guiada a Tui e Valença.
- Transporte en autobús para a ruta en bici.
- Seguros de RC e accidentes.

Proposta de evento ecoturístico para a Deputación de Pontevedra dentro do proxecto Visit Río Minho

6. Kaiak e sendeirismo polo río Miño



Esta actividade combina unha **ruta de sendeirismo** entre a desembocadura do río Tamuxe e o Porto de Goián, denominada *Senda dos Pescadores*, de 8 km e dificultade baixa. Despois realízase o tramo inverso, en **kaiak** polo río.

Ambas rutas estarán guiadas e interpretadas, e discorren por unha paraxe natural e cultural de moita beleza.

Programación - 27/09/2020

10:00 - Punto de encontro na zona de Pías.

10:00 a 13:30 - Ruta de sendeirismo con pequeno avituallamento.

14:00 a 15:30 - Tempo libre para comer.

16:00 a 19:00 - Ruta en kaiak.

19:30 - Fin da actividade.

Datos da actividade

- **Lugares:** Tomiño, O Rosal.
- **Duración:** 1 xornada.
- **Tipo de actividade:** sendeirismo, kayak.
- **Participantes:** apto para todos os públicos.

Máximo: 50 persoas.

Inclúe

- Ruta de sendeirismo guiada e interpretada.
- Avituallamento a media mañá.
- Coche de apoio.
- Ruta en kaiak con guía titulado e todo o material.
- Seguros de RC e accidentes.

Proposta de evento ecoturístico para a Deputación de Pontevedra dentro do proxecto Visit Río Minho

7. Fin de semana en A Guarda e Caminha · 3-4/10/2020



Esta actividade de **dous días** de duración servirá de colofón ao presente programa. Terá lugar na desembocadura do río Miño, e combinará rutas de sendeirismo, observación ornitolóxica, visitas guiadas e visita dramatizada no Castro de Santa Tegra.

O **primeiro día** embarcaremos no ferry de A Guarda ata Caminha para **visitar** esta poboación. A hora do xantar será libre para comer nesta zona. Á tarde colleremos o ferry de volta e **ascenderemos camiñando** ata o Monte de Santa Tegra (darase a opción de subir en coche a quen queira). Aquí faremos unha **visita dramatizada** ao castro, seguida dunha cea tipo picnic. E, se o tempo o permite, completaremos a actividade cunha **observación astronómica** dende o alto. Ao finalizar os participantes poderán baixar a pé ou en coche.



Ao **día seguinte**, máis tranquilo que o anterior, teremos unha actividade de **observación de aves** pola mañá (cunha pequena ruta duns 4 km aproximadamente), e un pequeno paseo e **visita** polas Cetareas e o núcleo histórico de A Guarda (doutros 4 km aproximadamente).

Proposta de evento ecoturístico para a Deputación de Pontevedra dentro do proxecto Visit Río Minho

7. Fin de semana en A Guarda e Caminha (continuación)

Programación - 3/10/2020

10:00 - Encontro na zona do Porto de A Guarda.

10:30 a 17:00 - Viaxe en ferry a Caminha, visita guiada, pequeno petisco e comida libre.

17:00 a 18:30 - Regreso en ferry a A Guarda e subida ao Monte de Santa Tegra.

19:00 a 20:30 - Visita dramatizada ao castro.

21:00 a 22:00 - Cea tipo picnic ao solpor.

22:30 a 23:30 - Observación astronómica.

23:30 - Fin da actividade.

Programación - 4/10/2020

11:00 - Punto de encontro na ruta PR-G 160 (lugar exacto por determinar).

11:00 a 13:30 - Ruta ornitolóxica con pequeno avituallamento.

13:30 a 16:00 - Comida libre por A Guarda.

16:30 a 18:30 - Ruta polas Cetareas e A Guarda.

19:00 - Fin da actividade.

Datos da actividade

• **Lugares:** A Guarda, Caminha.

• **Duración:** 2 xornadas.

• **Tipo de actividade:** sendeirismo, ornitoxía, visita cultural, visita dramatizada, observación astronómica.

• **Participantes:** apto para todos os públicos.

Máximo: 50 persoas.

Inclúe

- Ruta de sendeirismo guiada e interpretada.
- Avituallamento e coche de apoio.
- Visita a Caminha e A Guarda.
- Viaxe en ferry (ida e volta).
- Ruta ornitolóxica.
- Visita dramatizada ao Castro de Santa Tegra.
- Actividade de observación astronómica.
- Seguros de RC e accidentes.



Proposta de evento ecoturístico para a Deputación de Pontevedra dentro do proxecto Visit Río Minho

Resumo de actividades, establecementos e empresas

Actividades

- Ruta de Pescadores - Arbo.
- Sendeiro río Miño-Deva - Arbo.
- Actividade de rafting - Arbo.
- Ruta circular de Salvaterra - Salvaterra do Miño.
- Ruta de Cova da Moura - Monção.
- Ecovía do Miño en bicicleta - Valença do Miño e Vila Nova de Cerveira.
- Senda de Pescadores - O Rosal e Tomiño.
- Ruta en kaiak - O Rosal e Tomiño.
- PR-G 122: Camiños do Tegra - A Guarda.
- PR-G 160: Desembocadura do río Miño (ruta ornitolóxica) - A Guarda.
- Ruta das Cetareas - A Guarda.
- Observación astronómica - Santa Tegra (A Guarda).

Visitas guiadas

- Visita Petróglifos A Coutada.
- Visita a Melgaço.
- Visita a Salvaterra do Miño.
- Visita a Monção.
- Visita a Tui e Valença do Miño.
- Visita a Caminha.
- Visita a A Guarda.
- Visita dramatizada ao Castro de Santa Tegra (A Guarda).

Transportes complementarios

- Autobús para a Ecovía do Miño.
- Ferry A Guarda - Caminha.

Instalacións complement.

- Centro Cultural Taboeixa - As Neves.
- Bodega de viño - As Neves.
- Museo Arqueolóxico - Melgaço.
- Pozas de augas termais - Salvaterra do Miño.
- Palácio de Brejoeira - Monção.
- Museo do Viño - Monção.

Empresas

- **Xeitura** - Coordinación, xestión reservas, rutas a pé e visitas guiadas.
- **Arrepións** - Rafting.
- **Volta Montana** - Rutas en bici e visitas guiadas.
- **Buguina** - Visitas guiadas.
- **VerdeAzul Aventura** - Ruta en kayak.
- Varios **establecementos de hostelería** da zona - avituallamentos, puntos de encontro, comidas, etc.

Proposta de evento ecoturístico para a Deputación de Pontevedra dentro do proxecto Visit Río Minho

Condicións de inscrición nas actividades

- As inscricións xestionaranse dende a web www.celtiatravel.com, puidendose enlazar dende outros sitios web.
- A información estará en galego e portugués.
- Os participantes poderán apuntarse unha vez que se abran as inscricións. As actividades irán abríndose unha a unha, unha semana antes para crear expectación e evitar que se poidan apuntar a todas á vez, e despois non acudir.
- Unha vez que se enchan as prazas, crearase unha lista de espera por se hai baixas nos participantes.



Vive O Minho

Informe de actividades



Vive o Minho Informe de actividades

Introducción


Durante catro fins de semana de setembro e outubro de 2020 desenvolveuse o programa **Vive o Minho**, promovido pola Deputación de Pontevedra coa finalidade de poñer en valor e dar a coñecer o territorio que abrangue o proxecto Visit Río Minho.

A forma de facelo foi mediante a realización de actividades que combinaban deporte, natureza, cultura, gastronomía e moitos máis valores presentes ao redor do río Miño, protagonista deste proxecto. Foron actividades dirixidas a un público amplo e diverso, e nas que se procurou a participación de empresas da zona.

Unha vez rematado o programa, sirva este informe como resumo e valoración do mesmo e de cada unha das súas actividades.



Vive o Minho Informe de actividades



Índice

1. Resumo xeral do programa e das actividades.

2. Valoración por actividades.

2.1. Ruta do río Deva e da Moura + Visita a Melgaço. **12/09/2020.**

2.2. Balsismo no río Miño + Petróglifos de A Coutada + Visita bodega.
13/09/2020.

2.3. Ruta circular de Salvaterra + Visita Museo do Viño. **19/09/2020.**

2.4. Ruta Cova da Moura + Palácio Brejoeira + Monção. **20/09/2020.**

2.5. Ecopista do Miño en bici + Visita a Tui e Valença. **26/09/2020.**

2.6. Caiac e sendeirismo polo río Miño. **27/09/2020.**

2.7. Fin de semana en A Guarda e Caminha. **3-4/10/2020.**

Vive o Minho Informe de actividades

1. Resumo xeral do programa e das actividades

En liñas xerais o programa levouse a cabo segundo estaba plantexado. Puidéronse realizar todas as actividades, con poucas incidencias que se detallan no apartado seguinte na valoración máis minuciosa por actividades.

Participación. En canto á participación cabe destacar a **moi boa resposta** do público, aínda coa situación sanitaria tan complexa que estamos a pasar. Tanto é así que na maioría de actividades esgotáronse as prazas en cuestión de minutos.

Moita xente participou en máis dunha actividade, o cal indica o **alto grado de satisfacción** coas mesmas, xa que querían repetir. Este aspecto é importante a considerar para futuras edicións, se é convinte permitir que as persoas poidan repetir ou establecer dende un inicio que soamente se pode participar nunha actividade, para favorecer chegar ao maior número de público posible.

É tamen reseñable que nalgunha xornada (aínda que foron unha pequena minoría) houbo persoas que só participaron nas actividades da mañá, e non asistiron ás visitas guiadas da tarde.



Vive o Minho Informe de actividades

1. Resumo xeral do programa e das actividades

Inscricións. Algúns participantes comentábanos as **dificultades** para **se inscribir**, e tamén que non lles chegaban correos de confirmación e a confusión que isto lles xeraba. Aspectos estes que pensamos que se foron correxindo co paso das xornadas, aínda que convendría pulir para futuras actividades.

Orixe dos participantes. Foi principalmente a **provincia de Pontevedra**, sobre todo a cidade de **Vigo**. Tamén foi importante a asistencia desde os concellos pertencentes ao proxecto Visit Minho; persoas que se amosaron ademais moi gustosas de coñecer mellor o seu patrimonio. Algúns participantes viñeron de A Coruña e Ourense, e tivemos unha familia de Portugal e tres persoas de Madrid.

Medidas Covid-19. En canto ao cumprimento das normas relativas á Covid'19, queremos salientar o **comportamento exemplar** dos participantes que, salvo en dous ou tres casos puntuais, cumpriron moi ben, aínda que ás veces as condicións de calor, chuvia, ou a propia actividade como o balsismo, dificultaban o seu cumprimento.



Vive o Minho **Informe de actividades**

2. Valoración por actividades



2.1. Ruta do río Deva e da Moura + Visita a Melgaço. 12/09/2020.

A ruta desenvolveuse con normalidade e sobre o horario previsto. É salientable a excesiva calor a partir de mediodía, pero practicamente toda a volta era ó carón do río por sombra.

Na visita á tarde á Melgaço, dividiuse o grupo en dous, e namentres un grupo facía a visita exterior polo casco histórico, o outro visitaba o Solar do Alvarinho e despois cambiaban. Toda esta actividade levouse a cabo con normalidade.

Datos de asistencia á actividade

Prazas: 45	100%
Inscritos en lista*: 42	93,3%
Asistentes: 40	95,2%

* Posto que había unha ampla lista de agarda, o desfasamento entre prazas e inscritos en lista débese a cancelacións de persoas inscritas sen tempo para avisar a persoas en agarda.

- % **inscritos** en lista respecto ás prazas dispoñibles.
- % **asistentes** respecto aos inscritos en lista.

Incidencias. Cabe destacar nesta xornada que foi necesario chamar a atención a dous participantes porque en certos momentos non se poñían a máscara obrigatoria pola Covid-19.

Durante a ruta de sendeirismo a furgoneta de apoio recolleu a varias persoas para levalas ao punto de inicio, xa que lles costaba un pouco rematar a ruta.

Vive o Minho Informe de actividades

2. Valoración por actividades



2.2. Balsismo no río Miño + Petróglifos de A Coutada + Visita bodega.

13/09/2020.

A actividade de balsismo tivo moita aceptación e realizouse con total normalidade e sobre o horario previsto. Despois da actividade desplazámonos á Área Recreativa de Santa Mariña en As Neves, onde lle proporcionamos aos participantes un picnic no chiringuito do lugar. Pola tarde fixemos as visitas á bodega Señorío de Rubiós e aos petróglifos da Coutada en dous grupos.



Datos de asistencia á actividade

Prazas: 45 100%

Inscritos en lista*: 43 95,5%

Asistentes: 41 95,3%

* Posto que había unha ampla lista de agarda, o desfasamento entre prazas e inscritos en lista débese a cancelacións de persoas inscritas sen tempo para avisar a persoas en agarda.

- % inscritos en lista respecto ás prazas dispoñibles.
- % asistentes respecto aos inscritos en lista.

Incidencias. Non cabe destacar ningunha incidencia no desenvolvemento desta xornada.

Vive o Minho **Informe de actividades**

2. Valoración por actividades



2.3. Ruta circular de Salvaterra + Visita Museo do Viño. 19/09/2020.

A ruta desenvolveuse con normalidade e sobre o horario previsto, soamente destacar a baixa participación con respecto a outras actividades. Durante a semana houbo moitas cancelacións, seguramente provocadas polas previsións de chuvia, aínda que ao final non choveu. Pola tarde fixemos a visita exterior á Fortaleza e despois a visita e degustación non Museo da ciencia do Viño. O final non fixo falta facer 2 grupos xa que ao ser poucos puidemos facer todo nun só grupo.

Datos de asistencia á actividade

Prazas: 40	100%
Inscritos: 11	27,5%
Asistentes*: 10	95,3%

* Apareceu unha persoa que non estaba en lista porque supostamente cancelara, pero foi unha confusión pois quen cancelou foi outra persoa que o ía acompañar, e estaba inscrita co mesmo email.

- % **inscritos** en lista respecto ás prazas dispoñibles.
- % **asistentes** respecto aos inscritos en lista.

Incidencias. Non cabe destacar ningunha incidencia no desenvolvemento desta xornada.

Vive o Minho **Informe de actividades**

2. Valoración por actividades



2.4. Ruta Cova da Moura + Palácio Brejoeira + Monção. 20/09/2020.

A ruta desenvolveuse con normalidade e sobre o horario previsto. É de salientar a grande demanda que tivo esta actividade á hora de apuntarse, quizais porque era unha zona descoñecida para a maioría da xente. Pola tarde fixemos a visita ao Palácio da Brejoeira en grupos de 10 persoas, e despois desprazámonos a Monção para realizar a visita do seu núcleo histórico en dous grupos.

Datos de asistencia á actividade

Prazas: 50 100%

Inscritos en lista: 46 92%

Asistentes*: 46 100%

* Nesta actividade asistiron 5 persoas que non estaban na lista definitiva de inscritos porque supostamente habían cancelado, pero dixéronnos que non o fixeron. En cambio, outras 5 persoas de devandita lista non asistiron. Tamén nesta actividade había unha ampla lista de agarda.

Incidencias. Non cabe destacar ningunha incidencia no desenvolvemento desta xornada.

Vive o Minho Informe de actividades

2. Valoración por actividades



2.5. Ecopista do Miño en bici + Visita a Tui e Valença. 26/09/2020.

Tanto a actividade de bici pola mañá e a visita a Tui e Valença desenvolveronse con total normalidade.

Salientamos que no turno de tarde choveu algo a partir de media tarde, o que afectou un pouco á visita guiada, xa que o grupo de bici rematou un anaco antes.

Datos de asistencia á actividade

Prazas: 50	100%
Inscritos en lista: 50	100%
Asistentes*: 49	98%

* Nesta actividade apareceron 2 persoas que estaban en lista de agarda pensando que si tiñan praza. A súa vez, non asistiron 3 persoas da lista.

- % inscritos en lista respecto ás prazas dispoñibles.
- % asistentes respecto aos inscritos en lista.

Incidencias. Non cabe destacar ningunha incidencia no desenvolvemento desta xornada.

Vive o Minho **Informe de actividades**

2. Valoración por actividades



2.6. Caiaç e sendeirismo polo río Miño. 27/09/2020.

A ruta desenvolveuse con normalidade e sobre o horario previsto, así como a actividade de caiaç entre Goián e o río Tamuxe.



Datos de asistencia á actividade

Prazas: 50	100%
Inscritos en lista: 50	100%
Asistentes: 43	86%

- % inscritos en lista respecto ás prazas dispoñibles.
- % asistentes respecto aos inscritos en lista.

Incidencias. Desde a organización contábamos con que a empresa contratada para a actividade de caiaç levara o peso da actividade, non só o alquiler dos caiaçs. Pero unha vez alí fomos informados de que non sería así. Grazas a que os guías de Xeitura que acompañaban teñen competencia para guiar grupos en caiaç, fixémonos cargo do grupo na auga tamén, facendo o persoal da empresa apoio dende terra.

Dúas persoas non quixeron finalmente montar nos caiaçs e houbo que levalas ao punto de inicio cos vehículos da empresa de caiaçs.

Vive o Minho **Informe de actividades**

2. Valoración por actividades



2.7. Fin de semana en A Guarda e Caminha. 3-4/10/2020.

Sábado, 3/10/2020. A ruta desenvolveuse con normalidade e sobre o horario previsto. Ao chegar ao alto de Santa Trega repartiuse aos participantes un picnic para a comida. Realizamos a baixada a pé e en lugar de ir a coller o Ferri acordamos para regresar á A Guarda para coller os coches e dirixirnos a Caminha para a visita guiada en dous grupos.

Finalmente a actividade de observación astronómica non se realizou xa que as condicións meteorolóxicas non eran as axeitadas. Os membros da organización si que estivemos no punto de encontro porque alguns participantes aseguraran que se achegarían, pero finalmente non veu ninguén.

Datos de asistencia á actividade

Prazas: 50	100%
Inscritos en lista: 50	100%
Asistentes sábado: 44	88%

- % inscritos en lista respecto ás prazas dispoñibles.
- % asistentes respecto aos inscritos en lista.

Incidencias. Non puidemos coller o Ferri xa que había unha proba de triatlón en Caminha, o cal trastocou algo o programa ao non poder tampouco plantexar unha alternativa xa que fumos avisados o día anterior. O feito de haber a proba de triatlón tamén fixo que o acceso a Caminha estivera restrinxido, tendo que dar unha volta mais grande para acceder.

Na visita guiada a Caminha, unha participante sufriu unha torcedura de nocello, polo que dimos parte ao noso seguro de accidentes e foi atendida en Povisa en Vigo.

Vive o Minho Informe de actividades

2. Valoración por actividades



2.7. Fin de semana en A Guarda e Caminha. 3-4/10/2020.

Domingo, 4/10/2020. Aínda que pensábamnos que moita xente que vira o sábado podía non asistir o domingo (por mor de previsións de choiva), si que houbo unha alta participación. Contra o que parecía, o tempo metereolóxico respectou bastante, puidendose facer tanto a ruta ornitolóxica da mañá como a ruta das cetáceas da tarde.



Datos de asistencia á actividade

Prazas: 50 100%

Inscritos en lista: 50 100%

Asistentes domingo: 36 72%

- % inscritos en lista respecto ás prazas dispoñibles.
- % asistentes respecto aos inscritos en lista.

Incidencias. Non cabe destacar ningunha incidencia no desenvolvemento desta xornada.